

## PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 4ºESO (2ª AVALIACIÓN)

### I. TRABALLO E ACTITUDE NA AULA

(A súa Cualificación suporá o 20% da nota global do trimestre, até 2 puntos sobre 10)

1. COMUNICACIÓN:
  - Os medios de comunicación. Crónicas
  - Os tipos de textos. Artigos. Editoriais, columnas ...
  - O comentario crítico.
2. FUNCIONAMENTO DA LINGUA:
  - A Léxico-Semántica.
  - Os campos semánticos.
3. LINGUA E SOCIEDADE:
  - A ditadura franquista: *A longa noite de pedra*.
4. EDUCACIÓN LITERARIA:
  - As vangardas.
  - A cultura no exilio.
  - O comentario poético.

(Libro de Apoio: *Lingua e Literatura 4º ESO*, Ed. Anaya)

### II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (PTIC) (A súa Cualificación suporá o 35% da nota, até 3'5 puntos sobre 10)

TÍTULO: *A situación da lingua durante a ditadura franquista / A Literatura no exilio*

1. Elaboración dun tema (máximo 50 liñas) partindo dos resumos feitos do libro de apoio e das páxinas web indicadas polo docente.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TICs

**DATAS: Entrega: 1 de Febreiro. Exposición: primeira-segunda semana de Febreiro.**

### III. LECTURAS (PL)

(A súa Cualificación suporá o 10% da nota global do trimestre, até 1 punto sobre 10)

**1ª Lectura: *A esmorga*.** E. Blanco-Amor. Ed. Galaxia

(A Avaliación desta lectura poderá realizarse a través de distintos procedementos: informes, comentarios, traballos, controis... pero procurarase que sexa sempre a través de Cuestionarios na Aula Virtual).

**DATA: Finalizada: 1 de Febreiro.**

**ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR e/ou COMPLEMENTARIA: Saída didáctica a Ourense. Roteiro da Esmorga**

**Outras Lecturas:** Realizadas as lecturas obrigatorias, o alumno/a escollerá libre e voluntariamente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Dará conta delas a través de entrevistas persoais ou de informes enviados ao correo-e do profesor/a. (PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario realizarase a través da información recibida de xeito oral ou escrito. **Darase por rematada o día do exame.** Suporá un **incremento de até 0'5 ptos. por lectura** na nota global do trimestre, sempre que no exame o alumno/a tivese acadado polo menos un 4)

### IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá o 35% da nota global do trimestre, até 3'5 puntos sobre 10) Seguirá o modelo da Avaliación Inicial, consistente nun texto en torno ao cal se realizarán preguntas para avaliar o grao de asimilación das aprendizaxes do trimestre. Buscarase sempre que sexa formativo e informativo, mais non sumativo nin concluínte.

**DATA: Realización: terceira semana de Marzo.**